

## 3ª REUNIÓN MESA CONVENIO EMPEZA A NEGOCIACIÓN, CARTAS SOBRE A MESA

CCOO expuxemos na Mesa do Convenio nosa proposta para o XXIII Convenio de Banca, así como os demais sindicatos presentes. A AEB tamén esbozou as liñas principais das súas pretensións, entre as que destacan a supresión dos conceptos de antigüidade ou de paga de beneficios. O mércores 25 proseguimos esta reunión de exposición, que terá máis concrecións e sobre as que xa faremos a nosa valoración global.

As propostas principais, en relación resumida e non exhaustiva, de CCOO son:

Este debe ser un Convenio de **normalización e mellora**. A crise do sector xa pasou as súas peores consecuencias, moitas delas sufridas polos traballadores.

**VIXENCIA** de 4 anos, 2015/2018.

**EMPREGO**. Melloras nas condicións da contratación temporal. Límites e condicións de Boleiros en prácticas. Creación de emprego.

**PROFESIONALIDADE**. Definir carreira profesional. Mellorar formación, con elementos de motivación, recoñecemento e participación. Unir promoción as funcións e desempeño.

**SALARIOS**. Manter a estrutura salarial. Incremento fixo en Táboas, conha porcentaxe acordada para cada un dos catro anos, maior en 2015. Incremento variable en Táboas vencellado ao PIB, como medida da actividade económica e polo tanto do negocio do sector. Incremento non consolidable, por empresas, vencellado ao RAE-Resultado da Actividade de Explotación.

**SALÚDE LABORAL**. Recoñecemento risco de atraco e riscos psicosociais.

**PREVISIÓN SOCIAL**. Elevar o mínimo de achega a plans de pensións. Desvincular complementos por viuvez e orfandade da pensión da Seg.Social.

**OUTROS**. Medidas de conciliación. Ascensos por capacitación, regulación retribucións variables, control e mellora en traslados, etc. e un texto máis conciso e preciso, accesible e útil para consulta e coñecemento dos teus dereitos.

**Por parte da AEB** expresáronnos que se necesita "modernizar o Convenio, que sexa útil para as empresas e para adaptarse ás novas realidades,".

Vixencia de 4 anos. O incremento salarial debe ser moderado, pero sobre todo clarificar a estrutura salarial", o que supón -sen máis concreción de momento-: un novo nivel para persoal de entrada, supresión da antigüidade, supresión do concepto de pagas de beneficios. Non propoñen cambios relevantes en xornada.

A próxima reunión, segunda parte desta, será o próximo día 25.

**Seguimos traballando, seguiremos informando.**

